

Avanza a vendima da Viticultura Heroica

O pasado día 28 de agosto comezaba a vendima na D.O. Ribeira Sacra. Desde entón ata o día 12 de setembro recolléronse **224.773 quilos de uva**. A maior parte corresponde a **Mencia con 110.487 quilos** e **Godello con 75.640 quilos**. Do resto de variedades lévanse recollido:

Variedades tintas

- Brancellao 1.385 Kilos
- Merenzao 10.781 Kilos
- Caiño 60 kilos
- Garnacha 527 kilos
- Mouratón 160 kilos
- Tempranillo 8.095 kilos

Variedades brancas

- Albariño 14.129 kilos
- Branco Lexítimo 60 kilos
- Dona Branca 1.600 kilos
- Treixadura 1.859 kilos

Das 99 adegas que vendiman ao amparo da D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, 18 están a realizar labores de vendima, 11 téñena paralizada e 2 xa terminaron. Polo tanto son 68 adegas as que aínda non iniciaron os traballos de recollida. A uva que está a entrar en adega presenta un estado sanitario óptimo e as condicións meteorolóxicas están a ser moi favorables. A previsión segue sendo superar os 7 millóns de quilos de uva nesta campaña.

A partir do 19 de setembro a **web do C. R.D.O.R.S.** ofrecerá diariamente os datos de recollida actualizados por variedades.